

CONTRATO-PROGRAMA ENTRE A CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL E O IES Marco do Camballón (Vila de Cruces) PARA O DESENVOLVEMENTO, O SEGUIMENTO E A AVALIACIÓN DUN PLAN DIRIXIDO Á MELLORA DO ÉXITO ESCOLAR DURANTE O CURSO 2018/19

Santiago de Compostela, 31 de xaneiro de 2019

REUNIDOS

Dunha parte, doña Carmen Pomar Tojo, en calidade de conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional da Xunta de Galicia, actuando en nome e representación deste departamento, de conformidade coas atribucións conferidas no artigo 34.1 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e da súa presidencia, modificada pola Lei 11/1988, do 20 de outubro, de reforma da Lei 1/1983, do 22 de febreiro; na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia e no Decreto 138/2018, do 8 de novembro, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Doutra parte, don José Manuel Iglesias García, en calidade de director do IES Marco do Camballón de Vila de Cruces (código de centro nº 36020386), en uso das competencias que lle outorgan a Lei orgánica 2/2006, do 3 de maio, de educación, na redacción dada pola Lei orgánica 8/2013, do 9 de decembro, para a mellora da calidade educativa, e os decretos polos que se aproban os regulamentos orgánicos dos distintos centros educativos dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

As partes recoñécense reciprocamente con capacidade para a sinatura deste contrato-programa e, con tal efecto,

MANIFESTAN

Primeiro. Por Resolución da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa do 8 de novembro de 2018 regúlanse os contratos-programa con centros docentes e se establecen as bases para a convocatoria e selección de plans dirixidos á mellora do éxito escolar nos centros docentes públicos de educación infantil, primaria e secundaria dependentes desta consellería.

Segundo. O apartado 14 da citada Resolución dispón que os centros que sexan autorizados para o desenvolvemento dun plan de mellora asinarán coa Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional un contrato-programa que recolla as actuacións do plan e os acordos entre o centro e a consellería.

Por isto, ao amparo da lexislación vixente, as partes formalizan este contrato-programa, de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMEIRA. Obxecto, natureza, réxime xurídico e período de vixencia

Este contrato-programa ten por obxecto desenvolver os contidos da Resolución do 8 de novembro de 2018, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, pola que se regulan, para o curso 2018/19, os contratos-programa con centros docentes e se establecen as bases para a convocatoria e selección de plans dirixidos á mellora do éxito escolar nos centros docentes públicos de educación infantil, primaria e secundaria dependentes da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

Neste documento expóñense os compromisos da Administración educativa e do centro docente para o cumprimento do establecido na citada Resolución.

O período de vixencia deste contrato corresponde ao curso escolar 2018/19.

SEGUNDA. Compromisos das partes





As partes obríganse aos compromisos que figuran no Anexo deste contrato.

TERCEIRA. Seguimento e avaliación do contrato-programa

1. A comisión de seguimento e avaliación do contrato-programa, segundo o establecido no apartado 16.4 da Resolución do 8 de novembro de 2018, estará integrada por representantes da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, da dirección do centro docente e o/a inspector/a do centro.

2. As funcións da comisión, de acordo co disposto no apartado 16.5 da citada Resolución, son:

- a) Facer o seguimento e a avaliación da execución do acordo a partir da información que facilita o centro docente e a inspección educativa.
- b) Analizar o grao de consecución dos obxectivos e compromisos acordados a través dos indicadores establecidos.
- c) Formular propostas de modificación dos recursos en relación co desenvolvemento do plan.
- d) Propor as modificacións que se consideren necesarias nos obxectivos, nas actuacións e nas medidas acordadas para a continuidade do plan ou a súa supresión, se é o caso.

CUARTA. Indicadores de avaliación do plan

Para a avaliación do plan, a comisión de seguimento e avaliación valorará o grao de cumprimento dos obxectivos establecidos no plan presentado polo centro docente, considerando os seguintes indicadores:

- a) Os indicadores de autoavaliación previstos no plan.
- b) As melloras acreditadas no rendemento escolar do alumnado, na taxa de idoneidade e na redución do absentismo e abandono escolar temperán.

Finalmente, en proba de conformidade, as partes asinan este contrato-programa por duplicado, no lugar e na data que figuran ao comezo.

A conselleira de Educación, Universidade e
Formación Profesional

O director

Carmen Pomar Tojo

José Manuel Iglesias García



Anexo

CÓDIGO DO CENTRO: 36020386
CENTRO: IES Marco do Camballón - Vila de Cruces - Pontevedra
PROGRAMA: Contratos-programa
ESTADO: Admitido
VERSION: 1

A) COMPROMISOS DO CENTRO EDUCATIVO

O centro comprométese a desenvolver a/as seguinte/s actuación/s:

1. PROA (ACOMPAÑAMENTO ESCOLAR FÓRA DO HORARIO LECTIVO)

c) Medidas concretas que se van desenvolver.

Todas as medidas que a continuación se expoñen teñen como obxectivo dar resposta ás necesidades básicas que expón o perfil do noso alumnado. Vexamos cada unha delas:

- Hábitos e técnicas de estudo e traballo.
- Contidos básicos instrumentais.
- Estudo e realización de tarefas académicas
- Habilidades sociais e de relación.
- Coordinación e implicación familiar deste alumnado no contexto educativo

d) Alumnado ao que vai destinada esta actuación.

Grupo 1: alumnado (entre 10 e 15 alumnos)

13

Grupo 2: alumnado (entre 10 e 15 alumnos)

11

g) Indicadores.

Porcentaxe de alumnado implicado que aproba todo na avaliación final.(Obrigatorio)

50

Porcentaxe de asistencia continuada no programa do alumnado implicado. (Obrigatorio)

80

Porcentaxe de mellora dos resultados académicos respecto da 1ª avaliación. (Obrigatorio)

80

2a. MELLORA DAS COMPETENCIAS CLAVE. COMPETENCIA MATEMÁTICA



c) Medidas concretas que se van desenvolver.

1. Taller de iniciación o Xadrez (para o alumnado de 1º ESO)
2. Campionatos de xadrez

h) Indicadores.

Porcentaxe de aprobados na avaliación final en matemáticas. (Obrigatorio)

60

Porcentaxe de mellora dos resultados obtidos na competencia matemática respecto da 1ª avaliación. (Obrigatorio)

40

2b. MELLORA DAS COMPETENCIAS CLAVE. COMPETENCIA EN COMUNICACIÓN LINGÜÍSTICA

c) Medidas concretas que se van desenvolver.

1. Lectura nas aulas: Desde hai xa tres cursos, dedícase á lectura 1/2 sesión semanal fixada previamente nun horario específico para todos os cursos e grupos de ESO. Ao final do curso pasado a biblioteca propón un cambio para conseguir hábitos lectores, polo que en sesión de claustro celebrada a finais do curso pasado aprobouse que se dedicará á lectura 20 minutos, alumnado e profesorado, durante o horario escolar, variando cada semana a hora de lectura para que este compensada entre todas as materias.
2. Lectura nas horas de garda (carros de lectura)
3. Desdobres nas ensinanzas de linguas (especificados nos apartados anteriores)
4. Excursión final co alumnado que participa no club lectura

h) Indicadores.

Porcentaxe de aprobados na avaliación final nas asignaturas de lingua galega e lingua castelá. (Obrigatorio)

80

Porcentaxe de mellora dos resultados obtidos na competencia lingüística respecto da 1ª avaliación. (Obrigatorio)

50

Sinale outro, se o desexa:

Porcentaxe de aprobados na avaliación ordinaria de xuño nas materias de inglés 80%

Porcentaxe de aprobados na avaliación ordinaria de xuño nas materias de francés 80%

3. MELLORA DA CONVIVENCIA E PROMOCIÓN DA IGUALDADE NOS CENTROS



c) Medidas concretas que se van desenvolver (seleccione unha ou varias das seguintes temáticas).

Educación emocional: describa, ata un máximo de 5, as medidas a desenvolver.

1. Programa TEI de tutoría entre iguais , na liña TEI 2 (alumnado de 2º e 4º de ESO)
Talleres de educación emocional (intelixencia emocional, habilidades sociais e comunicación efectiva) desenvolvidos por especialista externa.
2. Programa TEI de tutoría entre iguais, na liña TEI 1 (alumnado de 1º e 3º de ESO).
Actividades de cohesión en parellas destinados a mellorar a percepción das emocións e a proporcionar apoio emocional (asertividade, empatía e escoita activa)

Igualdade: describa, ata un máximo de 5, as medidas a desenvolver.

- Sensibilización contra a violencia de xénero nos días sinalados, 25 novembro e 8 marzo.
- Información e participación en talleres sobre desigualdade de xénero.
- Programa Donas de si, para 2º ESO.
- Emocións e igualdade dende as actividades da biblioteca, merca de libros e materias precisos para o traballo nas aulas. Invitacións de autores recoñecidos nesta temática .

Inclusión educativa: describa, ata un máximo de 5, as medidas a desenvolver.

1. Programa TEI de tutoría entre iguais, liña TEI 1 (1º e 3º ESO)
Actividades de cohesión en parellas destinadas a favorecer a inclusión e adaptación do alumnado de 1º ESO na súa chegada ao IES Marco do Camballón a través da supervisión e reforzo realizados polo alumnado titor de 3º ESO e FPBásica.

Mediación: describa, ata un máximo de 5, as medidas a desenvolver.

- Programa TEI de tutoría entre iguais, liña TEI 1 (1º e 3º ESO).
1. O alumnado titor de 3º de ESO e FPBásica é mediador en conflitos nos que estea implicado o alumnado titorizado de 1º ESO, apoiando a labor dos titores/as, do Equipo de Convivencia e da Dirección do Centro.
- Programa TEI de tutoría entre iguais, liña TEI 2 (2º e 3º ESO).
2. O alumnado titor de 4º de ESO é mediador en conflitos nos que estea implicado o alumnado titorizado de 2º ESO, apoiando a labor dos titores/as, do Equipo de Convivencia e da Dirección do IES Marco do Camballón.
 3. Posta en marcha e participación no Programa Cibermanagers de Pantallas Amigas(os cibermanagers son alumnado de 14 o 15 anos que se convirten, despois dun proceso de capacitación, en actores principais da intervención instruíndo tanto ao alumnado de menor idade (3 o 4 anos menor) e a pais e nais en materia de uso seguro e responsable de Internet e prevención de riscos asociados)

4. PREVENCIÓN DO ABANDONO TEMPERÁN E DO ABSENTISMO ESCOLAR

c) Medidas concretas que se van desenvolver.

1. Selección do alumnado
A previsión inicial inclúe un grupo duns 32 alumnos/as que cursan 2º, 3º ou 4º que teñen até tres materias pendentes.
2. Os xefes de departamento elaborarán material específico para cada alumno/a, que distribuirán en 12 tarefas por curso.
3. O profesor coordinador irá entregando, segundo un calendario previamente establecido, ese material ao alumnado. Este, á súa vez, disporá dun tempo, tamén establecido no calendario, para realizar dita tarefa e, unha vez rematado o prazo, terá que entregarlla ao profesor coordinador, ao tempo que este lle dá unha nova tarefa que facer.



3. Por outra banda, o profesor coordinador iralle dando as tarefas resoltas aos respectivos xefes de departamento, que deberán corrixilas no tempo establecido no calendario. Acto seguido, o coordinador devolverá-llelas ao alumnado e, deste xeito, estes poderán coñecer as cualificacións das mesmas e que aspectos deben mellorar.
4. O profesor coordinador disporá dunha hora semanal para resolver calquera dúbida ou incidencia que o alumnado puidera ter.
5. Se o alumnado precisa de axuda para resolver as tarefas, poderá consultar co profesor/a da materia no seu curso de referencia

h) Indicadores (sinale como mínimo 1 deles).

Porcentaxe de redución da taxa de abandono escolar respecto do curso anterior.

50

Porcentaxe de redución do nº de faltas de asistencia e de puntualidade sen xustificar.

50

5. MELLORA DO NIVEL DE COÑECEMENTOS PARA ACADAR A EXCELENCIA

c) Medidas concretas que se van desenvolver.

1. Realización de artigos científicos de carácter estatístico e/ou numérico.
2. Recepción e avaliación de artigos científicos de centros da contorna.
3. Edición e difusión do segundo número de Marco Numérico.

h) Indicadores (sinale como mínimo 1 deles).

Porcentaxe de alumnos/as que seleccionan as materias optativas relacionadas coa actuación.

75

Porcentaxe de aumento das cualificacións obtidas nas ABAU respecto do ano anterior.

25

Porcentaxe de aumento do alumnado participante doutros centros educativos.

100

Porcentaxe de mellora da media académica do grupo de referencia do alumnado implicado.

25

Porcentaxe de mellora dos resultados do alumnado participante nas competencias clave traballadas.

30



B) COMPROMISOS DA CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN, UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

A Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional comprométese a:

Actuación 1

Grupos totais PROA: 2

Docencia externa

Nº grupos docente externo: 2

Nº grupos docente interno: 0

Gastos de funcionamento: 400€

Gastos mensuais de transporte: 800€

Gratificacións por coordinación 10€/h (máximo 2 horas semanais).

Actuación 2a

Gastos xerais de funcionamento da actuación 2a: 350€

Actuación 2b

Gastos xerais de funcionamento da actuación 2b: 325€

Actuación 3

Gastos xerais de funcionamento da actuación 3: 2500€

Actuación 4

Gastos xerais de funcionamento da actuación 4: 1000€

Actuación 5

Gastos xerais de funcionamento da actuación 5: 1000€

